

INT/2026/000451

EDICTO DEFINITIVO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2026, e publicándose no B.O.P. número 148 de data 05 de agosto de 2026 o expedientes de modificación orzamentaria nas modalidades de Suplemento de crédito nº **03/SC/2026**, Crédito extraordinario nº **02/CE/2026** financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente así como o expediente de cambio de finalidade nº **02/CF/2026** do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo concertadas en exercicios pechados coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.

Transcorrido o prazo de exposición ó público regulamentario, sen que se presentase ningunha reclamación, considérase definitivamente aprobado o expediente de referencia, sen prexuízo da súa entrada en vigor nos termos indicados no edicto de aprobación inicial, tal e como establece a base 10ª das Bases de Execución Orzamentaria do orzamento vixente, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O Orzamento do exercicio tras as modificacións efectuadas, queda conforme o seguinte:

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULO DE GASTOS						
CAPT.	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA A 31/08/2026	BAIXAS	SUPLEMENT O	CREDITO EXTRAORDINARIO	CRÉDITOS DEFINITIVOS
1	GASTOS DE PERSOAL	15.620.276,18				15.620.276,18
2	GASTOS CORRENT. BENS E SERV.	17.626.994,09				17.626.994,09
3	GASTOS FINANCEIROS	363.709,71				363.709,71
4	TRANSF. CORRENTES	3.947.144,55				3.947.144,55
5	FONDO DE CONTINXENCIA	40.000,00				40.000,00
6	INVERSIÓN REAIS	26.138.322,71	-692.423,66	150.000,00	542.423,66	26.138.322,71
7	TRANSF. DE CAPITAL					0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00				150.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	2.057.987,96				2.057.987,96
	TOTAL	65.944.435,20	-692.423,66	150.000,00	542.423,66	65.944.435,20

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.



O ALCALDE

Asdo: Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

